

O CÓDIGO DE PRÁCTICA DE ALTE

Introdución

En 1994, os membros de ALTE decidiron que era esencial adoptar dun código de práctica formal que definise uns estándares mínimos que os membros actuais e futuros deben cumprir a través de probas. Ao mesmo tempo, ese código debe servir como confirmación para os usuarios dos exames daquilo que eles agardaban.

O código de práctica foi deseñado cos obxectivos principais establecidos na introdución deste documento en mente. Coa finalidade de manter niveis comúns de competencia, as probas han ser comparables en termos de calidade e de nivel; polo tanto, é preciso ter en conta uns estándares comúns na súa produción. O código de práctica propón estes estándares e determina as responsabilidades tanto dos examinadores coma dos candidatos.

O código de práctica de ALTE

Como provedores de exames de proficiencia lingüística, os membros de ALTE desexan adoptar o código de práctica, co obxectivo de faceren explícitos os estándares que pretenden conseguir e de recoñecer as obrigas baixo as que operan.

Mediante a formulación e adherencia ao código de práctica, é preciso distinguir entre os distintos papeis dos que teñen interese no asunto de asentir e manter os estándares nos exames de linguas. Hai administradores de exames, usuarios de exames e candidatos.

Os administradores de exames son as persoas que elaboran, administran e reparten os exames, así como os que establecen as políticas pertinentes para os programas particulares de exame.

Os usuarios de exames poden seleccionar as probas, os servizos de desenvolvemento da comisión de exames ou tomar decisións que afecten as posibilidades educacionais e as carreiras doutros, con base nos resultados dos exames.

Os candidatos son aqueles que, ben por decisión propia ou porque os usuarios de exames llelo requiren, sentan para facer os exames.

Os administradores de exames e os usuarios poden intercambiar papeis, coma cando unha axencia de educación de estado comisiona servizos de desenvolvemento de exames e probas, determina políticas que controlan o proceso de desenvolvemento e toma decisións segundo os resultados. Os membros de ALTE están principalmente preocupados polo desenvolvemento e a administración dos exames. Deste xeito, teñen unha obriga cos usuarios de exames e, finalmente, cos candidatos; por esa razón, tamén trataremos neste código de práctica as obrigas dos usuarios de exames.

Os membros de ALTE encárganse de protexer os dereitos dos candidatos, ao tratar de agrupar os estándares do código de práctica en catro áreas:

- Desenvolvemento de exames.
- Interpretación dos resultados dos exames.
- Esforzo por conseguir obxectividade.
- Información completa aos candidatos.

O código da práctica está dividido en dúas partes. A parte 1 céntrase nas responsabilidades dos membros de ALTE e a parte 2 nas responsabilidades dos usuarios dos exames.

Parte 1 – Responsabilidades dos membros de ALTE

Desenvolvemento dos exames

Os membros de ALTE encárganse de achegar a información que os usuarios do exame e os candidatos precisan para seleccionar as probas apropiadas. Na práctica, isto implica que os membros de ALTE se comprometen a levar a cabo o seguinte para os exames descritos a continuación neste libro:

- Definir o que cada exame avalía e para que debería ser usado.
- Describir a poboación para a que é apropiado.
- Explicar os conceptos de medición relevantes, no nivel de detalle requirido para o público ao que vai destinado.
- Describir o proceso de desenvolvemento do exame.
- Explicar o proceso de selección do contido e as destrezas que se van examinar.
- Subministrarlles aos usuarios tanto mostras de probas coma copias completas de tarefas do exame, instrucións, follas de resposta, manuais e informes dos resultados.
- Describir os procedementos usados para asegurar que o contido dos exames é adecuado para diferentes grupos raciais, étnicos e lingüísticos que poidan ser examinados.
- Identificar e publicar as condicións e destrezas necesarias para administrar cada exame.

Interpretación dos resultados dos exames

Os membros de ALTE teñen a obriga de lles axudar aos usuarios dos exames e aos candidatos a interpretar os resultados correctamente. Na práctica, isto implica que os membros de ALTE se comprometen a facer o seguinte:

- Ofrecer guías e informes facilmente comprensibles dos resultados dos exames que describan a actuación dos candidatos claramente e con precisión.
- Describir os procedementos usados para establecer notas de corte ou niveis.
- No caso de non especificar ningunha nota, entón deberase subministrar información que lles axude aos usuarios a seguir os procedementos razoables para poñer puntuacións de aprobado cando sexa apropiado facelo así.
- Advertir os usuarios para que eviten usos indebidos e anticipados dos resultados do exame.

Esfuerzo pola imparcialidade

Os membros de ALTE tentan facer os exames coa maior imparcialidade posible para todos os candidatos de diferentes procedencias (por exemplo, raza, xénero, orixe étnica, discapacidade física ou mental, etc.). Na práctica, isto implica que os membros de ALTE se comprometen a facer o seguinte:

- Analizar e revisar as tarefas do exame e os materiais relacionados, para evitar contido ou linguaxe politicamente incorrecta.
- Establecer procedementos que axuden a asegurar que as diferenzas na actuación de candidatos están relacionadas principalmente coas destrezas que se están a avaliar e non con factores irrelevantes, como a raza, o xénero ou a orixe étnica.
- Sempre que sexa factible, facer os cambios pertinentes nos exames ou nos procedementos administrativos para lles facilitar a situación aos candidatos con algún tipo de discapacidade física ou mental.

Información aos candidatos

Os membros de ALTE danlles a seguinte información tanto aos usuarios como aos candidatos do exame. Na práctica, isto supón que os membros de ALTE se comprometen a facer o seguinte:

- Subministrarlles aos usuarios e aos candidatos información que lles axude a xulgar se un exame en concreto debería levarse adiante ou se se debería usar un exame dispoñible de maior ou menor nivel.
- Subministrarlles aos candidatos a información que precisan, co obxectivo de familiarizarse co nivel do exame, os tipos de formatos de tarefa e coas instrucións e estratexias axeitadas para facer o exame. É preciso facer un esforzo para que a información estea á disposición de todos os candidatos.
- Subministrar información sobre os dereitos dos candidatos para obter copias dos exames e follas completas de resposta, para repetir exames e para pedir que un exame volva ser corrixido.
- Subministrar información sobre o tempo que se arquivarán os resultados e indicar a quen e baixo que circunstancias os resultados dos exames serán divulgados e publicados ou non.

Parte 2 – Responsabilidades dos usuarios do exame

Os usuarios do exame poden dispor de información sobre os exames a través dos administradores do exame. Un código de práctica para eles céntrase no uso apropiado desta información. Como promotores dos exames, teñen unha obriga cos candidatos e, polo tanto, teñen que establecer e manter estándares mínimos para un comportamento xusto. Estas responsabilidades descríbense a continuación baixo catro apartados: selección de exames apropiados, interpretación dos resultados do exame, esforzo pola imparcialidade, información aos candidatos.

Selección de exames apropiados

Os usuarios do exame deberán seleccionar os exames para que cumpran o propósito para o que van ser usados e para que sexan apropiados para os candidatos aos que vai destinado.

Interpretación dos resultados do exame

Os usuarios do exame deberán interpretar os resultados correctamente.

Esforzo pola imparcialidade

Os usuarios do exame deberán seleccionar exames deseñados, co fin de manter a maior imparcialidade posible para candidatos de diferente raza, xénero, orixe étnica, etc. e para candidatos con algunha minusvalía física ou mental.

Información aos candidatos

Nos casos onde o usuario do exame ten un contacto directo cos candidatos, deberían considerarse a si mesmos como posuidores de moitas obrigas establecidas para os membros de ALTE explicadas na parte 1 (“Información aos candidatos do exame”).

Agradecementos a *The Code of Fair Testing Practices in Education*, elaborado polo Washington D. C. Joint Committee on Testing Practices.

©ALTE Code of Practice Working Group. Translated by Política Lingüística, Xunta de Galicia